

Literatura. Tema 3

A PROSA DO PRIMEIRO TERZO DO S. XX: AS IRMANDADES E O GRUPO NÓS (NARRATIVA, ENSAIO E XORNALISMO)

A prosa experimenta un grande avance no primeiro terzo do séc. XX, tanto no ámbito da narrativa, como do ensaio e do xornalismo. Este pulo virá da man de autores vinculados ás Irmandades da Fala e ao Grupo Nós.

A prosa das Irmandades: un dos obxectivos normalizadores das Irmandades (1916) era a diversificación dos xéneros. Isto levounos a fomentar a prosa:

- A aparición do ensaio, como medio de difusión do pensamento reivindicativo de Galiza.
- O desenvolvemento da prensa en galego (xa iniciada no séc. XIX), na que salienta *A Nosa Terra* (1916-1936), que tivo como colaboradores os escritores máis importantes da época.
- A creación de coleccións de narrativa curta (como *Céltiga* ou *Lar*), para a edición de obras breves e cun prezo económico, co fin de fomentar a lectura en galego.
- A diversificación temática da narrativa: o humor e o macabrismo (*Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto*, de Castelao); a narrativa que adapta lendas e tradicións galegas; o neoceltismo; a narrativa naturalista, que retrata con crueza a realidade do pobo galego; a narrativa sentimentalista...

Entre os prosistas das Irmandades, podemos salientar:

Antón Villar Ponte (1881-1936). Os seus escritos (artigos, discursos, ensaios) están recollidos no volume *Pensamento e sementeira*. O seu irmán, **Ramón Villar Ponte** (1890-1953), foi tamén un importante ensaísta, autor dunha *Doctrina nazonalista* (1921).

A Xeración Nós

Referímonos con este nome a un grupo de escritores que contribuíron á madurez da nosa literatura, e da nosa cultura, pois abriron o camiño á integración da tradición galega coa modernidade europea. Pertencen a esta xeración os ourensáns Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino Cuevillas, Antón Losada Diéguez e o rianxeiro Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Estes escritores reciben o nome da **revista Nós (Ourense 1920-1936)**. A revista, baixo a dirección literaria de Vicente Risco e artística de Castelao, foi unha publicación en galego cunha temática moi ampla: creación e crítica literaria, investigación, traducións, etc. Amais dos membros do grupo Nós, colaboraron na revista intelectuais procedentes das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos, así como escritores portugueses, franceses, etc. A revista publicou 144 números, ata 1936, cando viu a súa andaina interrompida polo golpe de estado e o comezo da Guerra Civil.

Adoita dividirse a evolución da Xeración Nós en tres etapas:

1. O pregaleguismo: 1914, “cenáculo ourensán”, formado por Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas. Todos procedían das clases acomodadas (fidalguía e burguesía), o que lles permitiu acceder a unha rigorosa formación intelectual, con coñecemento de idiomas e estudos universitarios. Neste tempo estaban desvinculados da nosa cultura e tradición; caracterizábanse polo seu individualismo, elitismo e pola procura do exótico (grande interese pola cultura oriental).

2. O galeguismo: a partir de 1917, ao entraren en contacto coas Irmandades da Fala, especialmente con Castelao, o grupo experimenta unha rápida e clara evolución ideolóxica: a. Asumen que o coñecemento e recreación da cultura propia é o mellor punto de partida para seren universais e auténticamente cosmopolitas. Sen renunciaren ao enxebrismo, modernizan e europeízan a cultura galega, abrindo a revista *Nós* ao pensamento e ás literaturas europeas. Superan o seu individualismo xuvenil

e emprenden un intenso labor de concienciación social, participando en tarefas colectivas no ámbito da cultura e da política: **fundan a revista Nós (1920); colaboran no Seminario de Estudos Galegos SEG (1923); participan na fundación do Partido Galeguista PG (1931) e na redacción do Estatuto de Autonomía (1936).**

3. A ruptura do grupo: co estalido da Guerra Civil cesa a actividade do grupo e os seus membros afrontaron diversos destinos: a morte (o editor, Ánxel Casal, foi asasinado no verán do 36), o exilio (Castelao), o silencio intelectual (Otero Pedrayo e Cuevillas) ou o abandono das ideas que deran lugar ao grupo (Risco).

A Xeración Nós foi decisiva para a consolidación da literatura galega en diversos xéneros :

A. Desenvolveron dous subxéneros: a novela e o conto.

B. Cultivaron o ensaio: axeitaron o noso idioma para a expresión científica moderna.

C. Cultivaron tamén o teatro, con obras fundamentais para a súa madurez literaria.

VICENTE RISCO (Ourense, 1884-1963). Considerado o ideólogo e principal impulsor do grupo Nós, desenvolveu un importante labor etnográfico no SEG. No ámbito literario cultivou a prosa narrativa e o ensaio. O ensaio é o xénero máis representativo de Risco, onde verte a súa ideoloxía e a súa tendencia ao didactismo.

- *Teoría do nacionalismo galego* (1920): nela postula os trazos diferenciais (históricos, xeográficos e culturais) que lle dan a Galiza status de nación.
- “Nós, os inadaptados” (1933): recolle a evolución ideolóxica ata chegar ao galeguismo.
- *Mitteleuropa* (1934): crónica de viaxes, recolle as transformacións da Centroeuropa dos anos 30.

Na narrativa, Risco renovou a narrativa, abandonou o ruralismo e introduciu os ambientes urbanos, a temática esotérica e unha forte dose de sátira social. Podemos destacar dous títulos:

- *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros* (1919): nela achéganos humoristicamente ao mundo de ultratumba e cóntanos como o protagonista logra liberar a momia de Tutankhamon.
- *O porco de pé* (1928): obra fundamental da narrativa galega, contén un retrato paródico da sociedade burguesa de comezos do s. XX, encarnada na figura de don Celidonio, que de mozo de tenda pasa a propietario, concelleiro e finalmente alcalde e heroe local da cidade de Auria. O materialismo, a vulgaridade e a perda da galeguidade son fortemente criticados nesta obra.
- Outros títulos son os relatos etnográficos “A trabe de ouro e a trabe de alquitrán” e “O lobo da xente” (publicados na colección *Lar*), inspirados en lendas e mitos populares.

RAMÓN OTERO PEDRAYO (Ourense, 1888-1976). É o grande polígrafo das letras galegas, pois cultivou todos os xéneros, cunha produción moi extensa e de grande calidade. Catedrático de Xeografía e Historia e deputado nacionalista nas Cortes Constituíntes da II República, despois do 36 foi desposuído da súa cátedra e viviu no exilio interior ata os anos 50, cando participou na fundación da editorial Galaxia e na recuperación da literatura galega. Neste xénero, en que Otero produce a súa principal achega á nosa literatura, podemos falar de dous tipos básicos de obras:

A narrativa:

1. **Narracións histórico- realistas:** teñen como marco a Galiza rural do s. XIX e tentan interpretar os cambios que experimenta a sociedade tradicional na súa transición cara ao século XX. *Os camiños da vida* (1928) é a súa primeira novela e nela retrata as transformacións da sociedade rural galega, mediante a historia de tres xeracións dunha familia fidalga. Otero reconstrúe así o tránsito entre a Galicia do Antigo Réxime (a da hexemonía da fidalguía agraria) e a Galicia da Idade Moderna (coa hexemonía da burguesía comercial). Outros títulos: *Pantelas, home libre* (1925), *Contos do camiño e da rúa* (1932), *O mesón dos ermos* (1936) ou *O señorito da Reboraina* (1960).

2. Novelas histórico-culturalistas: nelas a acción e os personaxes perden protagonismo en prol da exposición de ideas e referencias culturais sobre o pasado de Galiza e Europa. En *A romaría de Xelmírez* (1934), mediante a narración da viaxe do bispo Xelmírez a Roma, preséntanos a puxanza da Galiza medieval. En *Fra Vernerio* recrea o ambiente cultural da Europa de fins do XVIII e comezos do XIX que viu nacer o Romanticismo.

3. Novelas psicolóxicas: historias que se articulan arredor do conflito interior dos protagonistas, máis que sobre as súas accións. Están ambientadas na época do autor, mesmo con elementos autobiográficos. *Arredor de si* (1930) é a novela máis significativa deste tipo; nela, a través do mozo Adrián Solovio, reflexiona sobre a súa propia evolución ata a descuberta do galeguismo.

O ensaio:

Neste xénero desenvolveu os seus coñecementos profesionais, tendo sempre a Galicia como centro dos seus traballos. Entre as súas numerosas obras salienta o *Ensaio histórico sobre a cultura galega* (1933), onde presenta a nosa historia e cultura desde a prehistoria ata comezos do s. XX. Outros títulos son *Pelegrinaxes* (1929), unha crónica dunha viaxe a pé desde Santiago ata Santo André de Teixido, ou *O libro dos amigos* (1953), en que lembra personaxes xa falecidos, algúns deles compañeiros galeguistas asasinados ou exiliados no 36.

AFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO (Rianxo, 1886- Buenos Aires, 1950). Castelao é un escritor que supera o ámbito da literatura, pois dedicouse tamén ás artes plásticas e participou moi activamente na política do seu tempo, ata a súa morte no exilio arxentino. Este polifacetismo e o carácter popular da súa obra convertérono no personaxe máis importante da historia da Galiza do séc. XX e nun mito da nosa cultura. Malia compartir as características definitorias de Nós, o seu pensamento e a súa obra son singulares dentro do grupo:

❖ *Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto* (1922) é a súa primeira obra narrativa, publicada na colección Céltiga. Preséntanos as memorias dun esqueleto, que ten un ollo de vidro e pode ver o que acontece no mundo dos mortos. Como xa fixera Risco, Castelao lévanos con humor ao mundo de ultratumba, mais para falarnos dos vivos e facer unha crítica da sociedade do seu tempo: as loitas agraristas, a emigración, o caciquismo, o idioma...

❖ *Cousas* (1926, 1929 e 1934): nesta obra, que consta de 44 textos, Castelao crea un orixinal subxénero narrativo: a “cousa”, que nace da unión dun texto breve e un debuxo. É quizais neste libro onde mellor se ve o estilo da súa escrita, caracterizada por unha aparente sinxeleza formal, que nace da depuración e da capacidade de síntese, así como do seu humanismo.

❖ *Retrincos* (1934) é unha colección de cinco contos, escritos a partir de elementos autobiográficos: a súa infancia na emigración arxentina, a súa mocidade na vila mariñeira de Rianxo, a súa condición de médico e debuxante, etc.

❖ *Os dous de sempre* (1934): nesta súa única novela preséntanos as vidas paralelas de dous personaxes antitéticos, Pedriño e Rañolas, que encarnan dúas maneiras de entender a vida: o idealista e o materialista.

❖ *Sempre en Galiza* (Bos Aires, 1944) é a obra máis emblemática do pensamento galeguista: un compendio dos seus escritos sobre a historia, a economía, a cultura e a política galegas desde a óptica do nacionalismo progresista.

❖ Outras obras son *Diario 1921* (froito dunha viaxe por Europa) e os seus estudos sobre os cruceiros: *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) e *As cruces de pedra na Galiza* (B. Aires, 1950).